

Nota de prensa

A asociación de profesionais da dirección e realización de Galicia (CREA) presenta “CREAções: audiovisual galego para unha corentena” a través da súa web

A asociación quere contribuír, ante o decreto de confinamento pola situación actual da pandemia do virus Covid19, cunha oferta de máis de 150 obras en aberto de 52 creadoras e creadores galegos presentadas a través da web da asociación dirixida ao público en xeral.

Santiago, 20 de Marzo de 2020. A través desta iniciativa CREA pretende facer máis levadeira a situación de confinamento xeralizada mediante as propostas dos creadores e creadoras asociados que, desinteresadamente, fixeron públicos os seus traballos a través da súa plataforma web.

Así mesmo, contamos cunha selección en primicia de estreos que se abren por primeira vez ao gran público con esta iniciativa, despois do seu paso por festivais e salas de cinema.

Os creadores e creadoras que participan nesta mostra abranguen todos os estilos e propostas, desde longametraxes e series ata documentais, videoclips, curtametraxes e pezas experimentais. Un gran abano de cultura galega que representa todas as tendencias dos últimos anos no audiovisual galego.

Desde a asociación de profesionais da dirección e realización CREA, confiamos en que axiña se resolva esta situación excepcional facendo un chamado a calma no confinamento e apoiando especialmente o persoal sanitario que se atopa en primeira liña de batalla co coronavirus.

O audiovisual galego contribúe co seu maior valor: o talento e a creatividade das súas producións para o disfrute de toda a cidadanía.

WEB: www.crea.gal

DATA: A partir do **sábado, 21 de marzo**

Para máis información:

Pablo Fontenla: **677 670 811** / Fon Cortizo: **619 690 330**